

## **COSTUMES DA ROMARÍA**

Unha romaría a San Andrés típica e ben organizada, é dicir, clásica, debería seguir o seguinte ritual:

### **A Marcha**

Grupos de mulleres e homes saen xuntos do seu pobo. Postos de acordo, emprenden a camiñada. Noutras épocas as persoas de máis recursos ían dacabalo; pero a maioría camiñaban a pé. Cantando marchaban, acompañados ás veces polo son da gaita e do pandeiro.

### **O rito da Pedra**

Atravesaban deste xeito aldeas e despoblados, carreiros e camiños, descansando o tempo imprescindible para renovar a marcha. Xa preto de San Andrés, aqueles que nunca foron, deben coller unha pedra para botar ao amilladoiro ou milladoiro (amontoamento de pedras). Considérase este detalle imprescindible como proba de realizar a romaría.

### **Chegada e cumprimento da promesa**

Jadeantes e suorentos, chégase á meta. Ao entrar no santuario, déixase as ofrendas que se traen. De todos os xeitos, deposítase a esmola nun dos cepillos da igrexa.

Moitos traen velas da mesma lonxitude que a estatura do oferente portador; arde a cera de continuo diante da imaxe do apóstol.

### **O "Poñer o Santo"**

O bo romeu non abandona o templo sen que lle dean a bicar unha pequena imaxe de San Andrés e lle persignen con ela, é o que se denomina "poñer o santo" aos romeus.

Un cristián calquera pode realizar esta operación. Hai unhas palabras que eran propias do rito: "O Santo que che deu a enfermidade que che dea a sanidade polo poder que Deus ten, e San Andresiño. Amén".

### **Ritos da fonte milagrosa**

É preciso tamén baixar á "Fonte do santo", que segundo a tradición, nace debaixo do altar maior da igrexa. Tres chorros de auga fresquísimas brotan da fonte. Din que mana o mesmo caudal no inverno que no verán.

Á fonte consultábase sobre se o divino San Andrés concedería ou non o que se lle imploraba. Para iso, botábase no pilón unha faragulla de pan. Se flotaba, era porque o santo mostraríase propicio a atender a súplica que se lle fixo. Se se ía ao fondo, o consultante podía perder xa toda esperanza.

Segundo outra versión, un pouco máis macabra, dicíase que, de flotar a faragulla de pan, o interesado aínda volvería, polo menos unha vez máis, a San Andrés. Se pola contra, a faragulla caía ao fondo, isto era indicio de que aquel mesmo ano soaría para o consultante a última hora da súa existencia terrea. Por esta razón a "Fonte do Santo" recibe tamén o nome de "Fonte da morte e da vida".

### **"Herba de namorar"**

A xente máis nova baixa máis aló da fonte, e preto do mar vai buscar a "herba de namorar" ou "Herba enamoradeira" que abunda por estas paraxes de San Andrés e ten feitizos para atraer á persoa amada. É tamén costume regalala como mostra de amizade.



### **O Ramo**

Volver co ramo de San Andrés constitúe unha das máis fermosas tradicións da romaría. Compoñen o ramo unha vara de avellano, e atadas nela, varias poliñas de tezo ( ou teixo en galego, de onde a xuízos da maioría, veu o nome de Teixido). Ao ramo vai tamén suxeita unha pouca de "herba de namorar" e algún Sanandresiño.